



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-PC / 2018

Expediente: 201800005504

RESOLUCIÓN Nº 33315 DO 01/10/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- ÁREA DE POLÍTICAS CULTURAIAS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 27005 do 17/08/2018 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- Área de políticas culturais, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e visto que non se presentaron desistencias , nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 16.000,00€.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180015351, importe:16.000,00€.

3.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	BRAIS ROMERO SUÁREZ	8.000,00€
Expediente	2018000027218	
Obxecto	O galego no cinema de ficción galego: 2000-2015	
Persoa beneficiaria	JORGE LINHEIRA	8.000,00€
Expediente	2018000026979	
Obxecto	A política cultural da Deputación da Coruña dende 1979. A influencia do contexto político institucional e da articulación entre administracións.	

RPT-122

Total concedido

16.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.